

RAICEIROS

Qué ledicia ver pasar os anos e observar que eventos como o da Exaltación do Viño da Ulla (ou “Festa do Viño” para os amigos!) se conservan en tan bo estado de forma. Unha ledicia que se ve multiplicada cando o evento en cuestión acada unha idade redonda, como é o caso este ano: trixésima edición! A nosa festa amiga xa colecciona trinta primaveras, algo do que moi poucas do estilo poden gabarse. E, ó paso que vai, seguramente sexan moitos máis os aniversarios a celebrar, agrandando co tempo a súa xa afamada traxectoria. Razóns para este saudable presente e prometedor futuro? Sen dúbida a principal é o colectivo de xente que en cada edición se entrega a fondo para organizar a festa e que todo saia de marabilla, acorde coas altas expectativas que sempre se xeran. Non obstante, tamén é certo que outro elemento importante ben pode ser o propio atractivo do produto estrela da celebración: o viño da Ulla. Xa neste mesmo foro enalzáramos en ocasións anteriores os seus atributos, que de por si son probablemente evidentes para quen nos estea a ler. Non imos repetirmos pois, pero si paga a pena remarcar novamente a apreciable proxección internacional crecente dos caldos ulláns. Deixando aparte os mundanos aspectos comerciais desta circunstancia, é curioso pensar que esta exportación tamén adquire importancia nunha dimensión máis humana. En certo xeito este éxodo reproduce o camiño emprendido por moitos dos nosos paisanos cara á emigración, desde hai máis dun cento de anos. Ó igual que esa xente toda, agora o viño, xunto con outros produtos autóctonos de calidade, espalla mostras do noso ser e da nosa cultura por recunchos de todo o mundo. Paradoxalmente, os produtos exportados poden atoparse agora coa xente emigrada, en curiosos encontros de esencia galega lonxe da terra.

Este ano en Raiceiros pensamos incidir nesa tarefa de reencontro dos galegos no exterior cos seus sinais identitarios, nunca esquecidos e sempre presentes desde o día no que marcharon. En 2004 tivemos a gran fortuna de viaxar á Arxentina para compartir os nosos proxectos e actividades coa comunidade galega de Buenos Aires, e de xeito especial coa comunidade orixinaria da comarca ullá. Foi unha experiencia tremendamente gratificante, e por iso apostamos por repetir. Desta volta dirixímonos a outra das xigantescas comunidades galegas na América: a de Cuba. Un país no que habitan milleiros de galegos e os seus descendentes, que, a pesar das dificultades sociopolíticas do seu contorno e do inexorable paso do tempo, se apañan para conservar viva a súa identidade orixinaria. Esperamos que a visita de Raiceiros lles supoña unha bafarada de aire fresco coa que reafirmar máis se cabe eses vínculos con Galicia, para que a nosa cultura perviva con eles por moitos anos no corazón do Mar Caribe. Por se alguén o dubidaba, levamos viño da Ulla connosco, claro que si!

Para concluír, queremos agradecerlle á comisión organizadora da XXX Exaltación do Viño da Ulla, que un ano máis se nos brindase a oportunidade de achegarnos a vós a través destas liñas. Desexando que todos gocemos desta edición da festa que culmina a súa terceira década de vida, despedímonos deica a próxima. Saúde!

Na Ulla, primavera de 2010

Asociación Raiceiros

www.raiceiros.org
raiceiros@yahoo.es